



O longo do ano en Galicia hai diferentes celebracións onde interven a música. Unhas delas son no nadal, onde diferenciamos tres tipos de cantos: os de Nadal, os de aninovo e os de Reis.

Os cantos máis coñecidos do Nadal galego son as panxoliñas que adoitan falar do nacemento de Xesús.

Como o seu nome indica, os aninovos son cantigas da derradeira noite do ano e do primeiro día de xaneiro. Aínda que a súa temática é variada a maioría fan referencias ao ano que rematou e ao que se espera do que entra.

Outros cantos moi populares no Nadal galego tradicional son os cantos de Reis. O día de Reis os mozos e mozas dun lugar ían cantando polas casas pedindo o aguinaldo, que era un agasallo en forma de comida ou diñeiro.



NADAL EN LUINTRA  Cara a belén camiña unha nena ocupada, fermosa en canto a ela, san Xosé a acompaña. chegaron a Belén e pediron pousada, responderon de adentro con voz alborotada: Quen chama a miña porta? quen a porta me chama? somos Xosé e María que pedimos pousada. Se traen cartos que entren e se non que se vaían. cartos non traerei máis que un real de prata. Eses son poucos cartos, Pidan noutra parte. San Xosé se apenaba María o consolaba.	Non te apenes Xosé non te apenes por nada, Que máis cartos que queres, Que isto que me acompaña. Larala la la la , laralalalalalaa.... CUN SOMBREIRO DE PALLA  Con un sombreiro de palla un galego a belén foi, mentrás adouraba o neno comeulle o sombreiro o boi. Deixade os pastores, deixadeos pasar, que van a cantar o rei a Xesús no portall (bis) Nunhas pallas deitadiño i en coiriños alí está sendo o dono deste mundo e señor de canto hai.	DESPEDIDA DE ANO VELLO  Despedida de ano vello entradiña de aninovo, os señores desta casa as contén con grande gozo. Viva a terra dos gaiteiros Que viñeron a tocar, Ó neno recién nacido Entre as pallas do portal.(bis) <u>Ano novo, vida nova.</u> <u>ano novo que traerás.</u> <u>ó vello suspiros leva</u> <u>ó novo xa os traerá. (bis)</u> <u>Ai la lelo ailalalo.</u> Ano de festas que naces O pasado xa pasou A primaveira enverdece O xardín que se marchou Ai la lelo ailalalo.	GUEDELLOS DE CABRA  Cantámosches os reis Guedellos de cabra, Cantámosche os reis Non nos deches nada.(bis) Somolos reises do kikiriki Vamos a ver que nos botan eiquí Somolos reises do cacaracá, Vamos a ver que nos botan alá! Somos os reises da cabra fanada. Viñemos eiquí... Non nos deron nada. Cantámosches os reises .. Aquí vimos catro, cantaremos oito Déanos o aguinaldo, fociño de cocho ó aguinaldo vimos, ó aguinaldo andamos. Se nos dan touciño, tamén o levamos. Somolos reises do kikiriki Se non nos dan nada ... Cagámoslle eiquí! Cantámosches os reises ..
---	--	--	--